

Concello de Covelo

Expte. n.º: 466/2025

DECRETO DE ALCALDÍA

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en exercicio das funcións contempladas nos artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como no artigo 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando que a Festa do Churrasco do Concello de Covelo constitúe un evento gastronómico que se remonta a mediados dos anos oitenta e a súa coincidencia co día do patrón Santiago débese a que este tamén é o patrón do municipio. O concello de Covelo ten unha gran tradición gandeira e máis de 2.000 reses de raza rubia galega aliméntanse de pastos. Como en todos os concellos rurais, o porco críase nunha boa parte dos fogares e, ao tratarse dunha zona de montaña, adquire unha moi boa calidade na súa cura.

Visto que a festa gastronómica celébrase habitualmente no Campo da Feira que, como o seu nome indica, era o lugar onde se celebraban as feiras gandeiras de todo o municipio, e constituía un acto que congregaba a mais de 5.000 persoas de variadas procedencias que acudían a Covelo a degustar este prato e a desfrutar da oferta turística e cultural do concello.

Visto que no ano 2021, dadas as circunstancias de pandemia polo COVID-19, non foi posible a celebración deste evento gastronómico nas mesmas condicións coas que se viña celebrando habitualmente, debido a que as aglomeracións carrexaban un evidente perigo de contaxio, polo que o Concello ideou unha alternativa para que, ó tempo que se mantén a celebración desta arraigada festa gastronómica, se eviten situacións que poidan constituír un perigo de expansión da pandemia.

Visto que con este fin, creouse un mecanismo de colaboración entre as diversas empresas hostaleiras do concello coa administración municipal, que tivo éxito e que agora quérese reeditar,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases para concretar unha listaxe de colaboradores para o desenvolvemento da Festa do Churrasco da XLIV edición da Festa do Churrasco de Covelo (ano 2025).

Segundo.- Ordenar a publicación da convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

Asinado electronicamente polo alcalde, do que eu como secretario-interventor, dou fe aos efectos exclusivamente do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

O alcalde

O secretario-interventor

Juan Pablo Castillo Amigo

Jacobo Manuel Rayón Cedeira



Concello de Covelo

ANEXO

BASES PARA CONCRETAR UNHA LISTAXE DE COLABORADORES PARA O DESENVOLVEMENTO DA FESTA DO CHURRASCO DA XLIV EDICIÓN DA FESTA DO CHURRASCO DE COVELO (ANO 2025)

1. OBXECTO.

O obxecto destas bases é definir as características da colaboración de cara o desenvolvemento da XLIV edición da Festa do Churrasco.

Con esta finalidade o Concello de Covelo, nunha actividade de interese xeral como é a Festa do Churrasco a través dun evento que contribúe a dinamizar os sectores produtivos do Municipio, comprométese a difundir a presenza das empresas colaboradoras da devandita festa na forma que se indica nestas bases.

Para estes efectos realizarase unha listaxe de empresas colaboradoras, en relación coas súas modalidades contidas nestas bases.

A través da colaboración público-privada trátase de fomentar a expansión da cultura gastronómica do Concello con novas fórmulas de contribución, tendo en conta que este evento constitúe un factor determinante para o desenvolvemento económico e social do Concello de Covelo e supón un campo propicio para a colaboración privada.

2. CARACTERÍSTICAS DA PRESENZA DA HOSTALARÍA COLABORADORA.

Tal e como se indicou na cláusula anterior, o Concello de Covelo, para levar a cabo o desenvolvemento da Festa do Churrasco, comprométese a difundir a presenza como entidade colaboradora dos mesmos para a celebración dese evento, que terá lugar o día 25 de xullo no devandito Concello.

Deste xeito, o Concello de Covelo comprométese a difundir a participación e colaboración da hostalaría mediante a difusión da súa presenza nos seguintes soportes:

Cartelaría:

- Programa de man despregable da Festa do Churrasco.
- Dípticos Festa do Churrasco.

Así mesmo, o Concello outorgaralle un distintivo como entidade colaboradora a cada un dos establecementos aceptados como tal.

3. PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

As empresas colaboradoras seleccionaranse a través dun proceso aberto, no cal todo empresario interesado poderá presentar unha solicitude de colaboración.

4. PUBLICIDADE. PRAZOS E MODO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE COLABORACIÓN.



Concello de Covelo

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Covelo, Praza do Mestre Cerviño 2, 36872 Covelo (Pontevedra) de maneira presencial, ou ben de forma alternativa a través da sede electrónica do mesmo, ata ás 13:00 horas do día 23 de xullo de 2025. En caso de ser un dos suxeitos previstos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas deberá presentarse obrigatoriamente a través da sede electrónica.

Cada local de hostalaría non poderá presentar máis dunha solicitude (a infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as solicitudes por el subscritas).

A solicitude deberá axustarse ao previsto nestas bases e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de todas as cláusulas, sen condición ou reserva ningunha.

Os solicitantes asinarán a aceptación das condicións de colaboración na mesma solicitude.

5. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS.

Os interesados presentarán a seguinte documentación:

1. Modelo de solicitude de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo I

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

Establécese un único criterio de selección de colaboradores: a orde de entrada da solicitude do Rexistro de Entrada do Concello tanto de forma presencial como a través da sede electrónica do Concello de Covelo.

En todo caso, o Concello resérvase o dereito de admisión respecto daqueles colaboradores cuxo obxecto social ou finalidade comercial non sexa acorde coa promoción do evento.

Así pois, non poderán adherirse a este procedemento aqueles establecementos de hostalaría inmersos nalgún procedemento ou expediente sancionador ou de infracción urbanística.

7. PROCEDIMENTO.

Unha vez finalizado o prazo da presentación da documentación administrativa, examínase a documentación aportada.

No caso de que se observasen na documentación defectos ou omisións emendables, comunicáraselle vía fax ou a través do correo electrónico, ao interesado, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios da páxina web do Concello de Covelo, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os solicitantes os corrixan ou emenden.

Unha vez revisada a documentación polos técnicos municipais e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación, redactarase e aprobarase a listaxe dos colaboradores seleccionados, así como dos interesados que non presentaran a documentación completa ou incumpran calquera das bases.

Unha vez aprobada a listaxe dos colaboradores seleccionados, publicitarase na páxina web do Concello de Covelo e no taboleiro de anuncios do Concello o día 24 de xullo.



Concello de Covelo

8. OBRIGAS DOS COLABORADORES.

Os colaboradores asumirán as seguintes obrigas en virtude desta colaboración:

- Darlle consentimento ao Concello para o uso da súa presenza promocional nos actos e documentos vencellados á Festa do Churrasco.
- Responder ás peticións do Concello relativas ao envío de información solicitada con axilidade. Nese sentido, cada establecemento adherido **deberá aportar ó Concello os datos do total de racións vendidas e fotografías do evento do seu local** ó longo do desenvolvemento da festa e nos días seguintes á finalización da mesma. O incumprimento desta obriga, será motivo de exclusión na participación como establecemento adherido nas próximas edicións da Festa do Churrasco.
- Manter as instalacións dos seus negocios en bo estado de limpeza e mantemento, ofrecendo unha atención e servizo profesional.
- Os establecementos de hostalaría deberán ofrecer a posibilidade de realizar reservas durante a Festa do Churrasco e poderán realizar quendas de comidas, así como de recollida da comida para levar. Así mesmo, deberán informar ó público do horario no que darán o servizo. Deste modo, dita información estará dispoñible de xeito escrito nun lugar ben visible en cada un dos establecementos.
- A carne do churrasco será subministrada polo Concello de Covelo de maneira gratuíta.
- O prezo total do churrasco deberá ser de 8,00 euros como máximo, e permanecerá estable durante todo o día, facéndose o pago do prezo no establecemento. Dito prezo será aplicable soamente para os produtos entregados polo Concello a cada establecemento, que inclúen 21 kg de carne de porco, 21 kg de carne de tenreira e 7'5 kg de chourizo criollo por establecemento adherido á Festa. Se algún destes establecementos ofrece outros produtos fóra do mencionado lote (patacas, ensalada, bebidas, etc) cobrará os mesmos aparte, aos prezos que eles teñan establecidos.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE COLABORACIÓN E ACEPTACIÓN DE PRAZA PARA A FESTA DO CHURRASCO 2025

Nome da empresa ou nome comercial:

DNI:

Teléfono:

Representante:

DNI:

Teléfono:

Enderezo a efectos de notificacións:

Correo electrónico:



Concello de Covelo

Presentación da empresa (presentación, descripción do obxecto social, ámbito territorial, etc)

Aforo comensais:

D/Dña..... con
DNI núm., en nome propio ou en representación da empresa,
con CIF núm..... manifesta a súa vontade de participar nas **BASES
PARA CONCERTAR UNHA LISTAXE DE COLABORADORES PARA O
DESENVOLVEMENTO DA XLIV FESTA DO CHURRASCO DE COVELO** e
manifesta coñecer e aceptar o seu contido declarando:

Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e
acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle
sexa requirida.

Covelo, a de.....de 2025.

(Asinado e rubricado)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO

